

VIERNES, 8 de abril de 2011

LUCES | MANIFESTO POLA ENTRADA DAS MULLERES NA REAL ACADEMIA GALEGA

## O xogo das cadeiras

8 ABR 2011

*"As mulleres sostemos a metade do ceo. [...] É hora de deixar de agardar". Xohana Torres. "Ver Xuntas, ver cada unha o que a outra non pode ver porque cada unha ocupa un lugar diferente, pero saber que nos xuntamos nese cuarto para mirar o mesmo, para trenzar un espazo común". Margarida Ledo "dunha banda a muller como axente de importancia capital na transmisión da lingua tradicional [...], doutra a muller como axente difusor do cambio". Rosario Álvarez. "Imos de nai a nai pola liña da vida". Luz Pozo*

Catro mulleres, catro cadeiras, catro palabras. Demasiadas poucas para soste a metade do ceo, para trenzar un espazo común, para transmitir e cambiar a lingua, para ir de nai a nai pola liña da vida. As fortes voces das poetas, das narradoras, das lexicógrafas, dramaturgas, estudosas da literatura, transformadoras da linguaxe e polo tanto da vida en xeral quedan empequenecidas no absurdo xogo das cadeiras polo cal a Real Academia Galega nos reduce á insignificancia.

Dende a fundación da Real Academia Galega as mulleres levamos xogando sen cesar a aquel vello xogo infantil das cadeiras. Sempre somos nosoutras as que quedamos sen asento. Corremos máis ca ninguén, temos méritos, valores, as mans desgastadas de tecer redes, os lombos fartos de cargar con moito máis ca a metade do ceo cada día. E, malia a isto, seguimos quedando sen cadeira.

Resulta indigno mesmo ter que sequera argumentar o inxusto e innobre desta situación. Nestas alturas da nosa historia non abundan as cadeiras todas da Rúa Tabernas para dar acubillo ás mulleres de tantas xeracións que teñen méritos máis que sobrados para ocupar o seu posto. As nosas voces diversas deben de ser escoitadas, as nosas voces transformadoras e críticas, aló onde a lingua se decide, aló onde se debate a súa supervivencia que é tamén nosa. Non queremos ficar máis excluídas da historia, non queremos que as escritoras e estudosas do futuro teñan que buscarnos, como fixemos nós coas nosas devanceiras, entre o cascallo condescendente das palabras dos homes ou nos fondos máis escuros das bibliotecas. Queremos estar aí porque é de xustiza. Porque nosoutras tamén facemos a lingua, porque nosoutras tamén a labramos, a tecemos, a enguedellamos ás vidas do cotián, ás vidas do grandioso, ás vidas propias e alleas. Moitas das nosas mans, ademais, están curtidas en traballos pola igualdade moito máis amplos, en estratexias e alianzas que a Real Academia necesita para chegar á sociedade.

Señores académicos, non queremos seguir xogando ao xogo das cadeiras. É hora de deixar de agardar. Cadeiras para as mulleres XA.

Alba Nogueira, An Alfaya, Ana Romani, Antía Otero, Ánxela Abalo, Ánxela Gracián, Ánxeles Cuña Bóveda, Aurora Marco, Begoña Caamaño, Camino Noia, Carme Adán Villamarín, Carme Vidal, Carmen Pérez Pais, Celia Torres, Concepción Burgo, Concha Varela Orol, Dolores Vilavedra, Encarna Otero Cepeda, Eva Moreda, Felicia Estévez Salazar, Fina Casalderrei, Helena González, Helena Miguélez Carballeira, Helena Villar Janeiro, Imma António Souto, Inma López Silva, Iolanda Muíños, Iolanda Veloso, Iolanda Zúñiga, Isaura Barciela Varela, Laura Caveiro, M<sup>a</sup> Xesús Nogueira, M<sup>a</sup> Xosé Agra, Marga Romero, María Canosa, María Reimóndez, María Yáñez Anllo, Mariam Mariño, Mariana Carballal, Marica Campo, Marisa Sobrino, Mercedes Queixas, Nanina Santos, Olga Castro, Olivia Rodríguez González, Pilar Sampil, Rexina R. Vega, Tareixa Navaza, Uxía Senlle, Yashmina Shawki, Yolanda Castaño